

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

Área de plástica: inglés

CENTRO: CEIP OS Tilos
CURSO: 4º de Educación Primaria

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Atención á diversidade.**
- 5. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.1.4. Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	CCL CCEC CSC
B1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.	EPB1.3.3. Expressa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.	CCL CCEC CSIEE CD
B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma. EPB2.1.11. Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas. EPB2.1.5. Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras.	CCEC CSIEE CCEC CSIEE CAA CCEC
B2.2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.	EPB2.2.2. Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).	CCEC CMCCT
B2.3. Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.	CCEC CD
B2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos,	EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.	CSC CSIEE CCEC CAA

2. Avaliación e cualificación.

A cualificación final para este curso seguirá as indicacións das Instrucións do 27 de abril de 2020, segundo a cal daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores (1º e 2º trimestre) e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.

Os instrumentos empregados son, no 1º e 2º trimestre, o diario de clase, as producións plásticas, postas en común e a actitude e cumprimento das normas. En canto aos procedementos, a observación sistemática e análise das producións do alumnado.

Para o 3º trimestre, empregaremos a observación sistemática, o nivel de participación e grao de implicación coas tarefas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).

A metodoloxía xirará en torno a tres eixes: a creatividade, a formación e a estética. Neste terceiro trimestre desenvolveranse actividades que potencien a súa creatividade e centradas nos seus intereses para manter a motivación.

Os recursos empregados serán a Aula Virtual do centro e diversas páxinas web.

4. Atención á diversidade.

As actividades propostas tratan de achegar o currículo a todo o alumnado. Son actividades que parten da diversidade que existe en cada familia. Tamén se flexibilizan os tempos para que cada quen organice os horarios en función da dispoñibilidade.

Dende o departamento de orientación, as medidas adoptadas resúmense nas seguintes:

- Creación da Aula Virtual.
- Contacto telefónico ou a través de correo electrónico coas familias e o alumnado.
- Apoio emocional ás familias.
- Establecemento de vínculos colaborativos entre familias e centro educativo.

5. Información e publicidade.

Está programación será publicada na páxina web do centro.